

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN DA PISTA DE PÁDEL NO CONCELLO DE MONDOÑEDO.**

**ARTIGO 1º.-FUNDAMENTO DA NATUREZA**

No uso das facultades outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 20 e 21 do real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, este Concello establece a taxa de utilización da Pista de Pádel Municipal, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, que nas súas normas atende ó previsto no artigo 57 da Lei 39/1988.

**ARTIGO 2º.-FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible desta taxa a reserva de utilización para o seu uso específico da pista de Pádel municipal do Concello de Mondoñedo estando incluído a utilización de alumeados.

**ARTIGO 3º.-SUXEITO PASIVO**

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiarias desta reserva.

**ARTIGO 4º COTA TRIBUTARIA**

A cota a pagar resultará de aplicar a seguinte tarifa:

CONCEPTO	EUROS
Reserva de Pista de Pádel	3 € hora e media

**ARTIGO 5º.-DEVENGO**

A presente taxa devéngase no momento da solicitude nas oficinas municipais de reserva de pista de Pádel Municipal.

**ARTIGO 6º XESTIÓN**

O pago realizarase nas oficinas municipais no momento de levar a cabo a reserva da pista de Pádel municipal, cubrindo o correspondente formulario onde constará os datos do solicitante, día e horas reservadas.

O solicitante farase responsable dos danos causados nas instalacións municipais durante a utilización das mesmas. Esta absolutamente prohibido que os usuarios da mesma cobren pola súa utilización a terceiras persoas; isto dá lugar á perda inmediata do dereito ó uso da pista,

sen prexuízo de calquera outra medida sancionadora que o concello considere oportuno aplicar.

O Concello reservarase o uso da Pista de Pádel en determinados momentos ou horarios por razón de interese público .

O Concello reservase o seu dereito de non admitir o uso das instalacións en aqueles casos en que considere que se poden producir danos ou desperfectos nas mesmas.

#### **ARTIGO 7º.- INFRACCIONS E SANCIONS**

No concernente ás infraccións e sancións, rexerá o disposto na Lei Xeral Tributaria.

#### **ARTIGO 8º.-DISPOSICIÓN FINAL**

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación integra no B.O.P e permanecerá en vigor ata a súa modificación o derogación expresa.

Mondoñedo a 15 de novembro do 2016

Dilixencia.- Para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada provisionalmente no Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de 26 de agosto de 2016, (publicada aprobación inicial no BOP nº 234 de 11/10/2016), aprobada definitivamente e publicada no B.O.P. nº 271 de 25/11/2016.